

PROGRAMACIÓN EDUCACIÓN
FÍSICA 6º CURSO
2021- 2022

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Perfil competencial.
3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais
4. Concreción de obxectivos por curso
5. Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliável, criterios de avaliación, temporalización, grado mínimo de consecución para superar a materia.
6. Concrecións metodolóxicas da materia.
7. Materiais e recursos didácticos.
8. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
10. Medidas de atención á diversidade.
11. Actividades complementarias e extraescolares.
12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellor.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

A seguinte programación didáctica está deseñada para levar a cabo na área de Educación Física no 6º curso de Educación Primaria e que se desenvolverá no CEIP de Cedeira durante o presente curso 2021-2022. Para isto tomarase como referencia a Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e de maneira máis concreta o Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Centro. O Centro de Educación Infantil e Primaria, encóntrase en Cedeira - Redondela. Pertence á rede de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. O CEIP de Cedeira ten na actualidade 3 unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación Primaria. Este curso académico entrou a formar parte da rede de centros plurilingües.

O número de mestres/as é de 16, dos cales 3 son docentes itinerantes que tamén desenvolven nel o seu labor. Conta cun edificio onde, na planta baixa están as aulas de Infantil e na primeira planta as de Educación Primaria. No exterior do edificio existe unha pista cuberta de fútbol sala e cunha cancha descuberta de baloncesto. A aula de Música/ Psicomotricidade e o Comedor atópanse nun bloque anexo construído recentemente. Hai un pequeno patio cuberto na parte traseira, e unha zona verde á entrada do colexio que utiliza o alumnado de Educación Infantil para xogar nos seus períodos de lecer.

Á parte das aulas dos diferentes grupos, existen outros espazos destinados a informática, biblioteca, aula de apoio, aula de audición e linguaxe, orientación, etc.

A localidade, Cedeira é unha parroquia do concello de Redondela (Pontevedra) que se atopa ao oeste da capital municipal, lindando con esta. Está a menos de 2 quilómetros da mesma. Conta con máis de 2000 habitantes.

O alumnado. O alumnado que asiste ao Colexio repártese en 9 unidades: 6 de Primaria e 3 de Infantil.

ETAPA	NIVEL	ALUMNADO
INFANTIL	3 ANOS	3
	4 ANOS	14

	5 ANOS	14
PRIMARIA	PRIMEIRO	15
	SEGUNDO	13
	TERCEIRO	13
	CUARTO	18
	QUINTO	12
	SEXTO	15
TOTAL		117

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFIL COMPETENCIAL.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu anexo II, establece que a área de Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesións de Educación física como na súa vida cotiá.

Ademais de esta competencia motriz debemos, desde esta área, traballar outras que veñen establecidas pola LOMCE e desenvolvidas na Orden EDC/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, la Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato. A continuación irei citando as competencias na orden de importancia que esta programación lle outorga a esta área, establecendo así o perfil competencial.

1º Competencia motriz: esta competencia desenvólvese en cada unha das actividades planificadas ao longo do curso.

2º Competencia social e cívica: levarase a cabo por medio do establecemento dunhas normas, a cooperación cós compañeiros e os traballos en equipo. Utilizaranse actividades físicas para facilitar a relación, a integración e o respecto. Deberán sumir as diferenzas na actividade física, así como as posibilidades propias e alleas. Non deberán discriminar por razóns de sexo, clase, orixe ou cultura. Valorarase o esforzo e os logros obtidos polas persoas afectadas de discapacidade física ou mental nas súas actividades físicas, laborais e

cotiás. Habituarase a coidar e a manter a orde nas súas pertenzas e no seu contorno. Coidar e conservar os materiais. Comprender e valorar a importancia de respectar as normas de tráfico.

3º Competencia en aprender a aprender: a través do xogo que poidan desenvolver no seu tempo libre e de ocio, a través da indagación e os estilos de ensinanza participativos. Todas aquelas actividades que utilicen unha técnica de ensinanza mediante a búsqueda (resolución de problemas, descubrimento guiado ou libre exploración -Delgado Noguera-) favorecen a consecución desta competencia. Contribúe, en menor medida a esta competencia mediante o coñecemento de si mesmo e das propias posibilidades e carencias como punto de partida do aprendizaxe motor desenvolvendo un repertorio variado que facilite a súa transferencia a tarefas motrices máis complexas. Isto permite o establecemento de metas alcanzables cuxa consecución xera auto confianza. Ao mesmo tempo, os proxectos comúns en actividades físicas colectivas facilitan adquirir recursos de cooperación.

4º Competencia lingüística: desenvolverei esta competencia por medio de actividades onde teñan que ler pistas ou ler diferentes instrucións para a execución da tarefa. Calquera das actividades que impliquen unha interacción cos compañeiros desenvolve esta competencia. Incidirase na utilización correcta dos termos propios da U.D. desenvolvida de maneira que amplíen o seu vocabulario dun xeito lúdico e sen ser conscientes do mesmo. Calquera das actividades propostas para o fomento da lectura están directamente relacionadas con esta competencia.

5º Competencia matemática e competencia básica en ciencias e tecnoloxía: esta competencia levarase a cabo en actividades onde teñan que facer recontos de puntos, resolver diferentes situacións para chegar á conclusión ou por medio da execución de diferentes figuras xeométricas. Tamén a través das medicións de distancias saltadas ou alcanzadas nos lanzamentos de pelota ou frisbee; coñecer o seu peso e estatura.

6º Competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor: desenvolverase esta competencia por exemplo a través de tomas de decisións conxuntas ou por medio da planificación, por parte do alumnado, dos quecementos e estiramientos. Esta competencia, estase a crear ,día a día, a través da interacción con distintos materiais, espazos e cos compañeiros e rivais, de xeito que sesión a sesión o neno/a se ve “obrigado” a resolver problemas motores que implican unha necesidade crecente autocontrol, coñecemento e aceptación das súas propias posibilidades e limitacións.

7º Competencia en conciencia e expresión cultural: A área acérase a esta competencia potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización e a expresión. Favorece a expresión de ideas ou sentimentos de forma creativa. Contribúe mediante a exploración e utilización das posibilidades e recursos do corpo e do movemento, á apreciación e comprensión do feito cultural, e á valoración da súa diversidade, faino mediante o recoñecemento e a aparición das manifestacións culturais específicas da motricidade humana, tales como os deportes, os xogos tradicionais e as actividades expresivas.

8º Competencia dixital: A área de EF contribúe a estas competencias desde os seguintes puntos de vista: por un lado, aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo e procedentes dos medios de comunicación. Por outro lado, o alumnado ten que ser quen busque información usando as TIC.

3. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

CURSO: SEXTO	COMPETENCIAS CLASE							
	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSEE	CCE C
EFB 1.1.1 Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.				X	X	X		
EFB1.1.2 Explica aos seus compañeiros e compañeras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	X			X	X			
EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.				X	X	X		
EFB1.1.4 Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.				X	X	X		
EFB1.2.1 Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que			X	X				

se lle solicita.							
EFB1.2.2 Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.	X		X	X			
EFB1.2.3 Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións e das demais.	X				X		
EFB1.3.1 Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.				X	X		
EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.				X		X	X
EFB1.3.3 Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.				X	X	X	
EFB1.3.4 Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.					X		
EFB1.3.5 Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.				X	X		
EFB1.3.6 Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.				X	X		
EFB2.1.1 Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.				X	X		
EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.				X	X	X	
EFB3.1.1 Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.				X	X	X	X
EFB3.1.2 Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de				X	X	X	X

contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.							
EFB 3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.				X	X	X	X
EFB 3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.				X	X	X	X
EFB 3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.				X	X	X	
EFB 3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades.				X	X	X	
EFB 4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.				X	X		X
EFB 4.1.2. Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.				X	X		X
EFB 4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.				X	X	X	X
EFB 4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.				X	X		X

EFB 4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.		X		X	X		
EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.		X		X	X		
EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas.				X		X	
EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).		X		X	X		
EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.				X	X	X	
EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.	X	X		X	X	X	
EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.				X	X	X	
EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.				X	X	X	
EFB5.2.2. Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas intensidades de esforzo.		X		X	X		
EFB5.2.3. Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.				X	X	X	
EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade							
EFB5.3.1. Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os	X	X		X	X		

primeiros auxilios.							
EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.				X	X	X	
EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.				X	X	X	
EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.	X			X	X		X
EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.				X	X		X
EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.				X	X		X
EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.		X		X	X		
EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.		X		X	X		
EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.		X		X	X		
EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	X	X		X	X		
EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.				X	X		
EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.				X	X		

4. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSOS.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 3 os obxectivos de etapa. A continuación citarei aqueles que maior relación teñen con esta área para o 6º curso de Educación Primaria son os seguintes:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- Este obxectivo alcanzarase por exemplo aceptando as regras dos xogos, as normas de clase, respectando a quenda de palabra dos compañeiros.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- Este obxectivo o alcanzarán por medio do establecemento de rutinas para que eles vaian adquirindo hábitos como asearse ao finalizar a sesión. Tamén se desenvolverá por medio de xogos cooperativos.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

- Alcanzarase por medio de estilos de ensinanza que favorezan a sociabilidade como pode ser a microensinanza ou os grupos reducidos.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

- Para alcanzar este obxectivo realizaranse xogos de outras culturas ou actividades onde se valore, por exemplo o papel das mulleres no mundo do deporte.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- Este obxectivo estará presente en cada unha das actividades desta materia.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

- Este obxectivo alcanzarase por exemplo na parte de análises de resultados onde se poderá comentar aquelas actuacións que se vaian realizando de forma positiva ou podemos falar de aqueles conflitos que xurdiron na clase.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

- Este obxectivo alcanzarase a través da práctica de xogos populares galegos

5. CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

Crit. Eval.	Estándar Aprend.	%Peso Cualif.	Temporalización			Grado mínimo de consecución para superar a materia. Indicador mínimo de logro	Procedemento/ Instrumento
			1ºT	2ºT	3ºT		
B1.1	EFB1.1.1	2,85%	x			Reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	Escala de observación
B1.1	EFB1.1.2	2,85%			x	Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase.	Escala de observación
B1.1	EFB1.1.3	2,5%	x	x	x	Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	Lista de control.
B1.1	EFB1.1.4	2,5%	x	x	x	Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.	Lista de control.
B1.2	EFB1.2.1	2,85%		x		Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	Escala de observación
B1.2	EFB1.2.2	2,85%		x		Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	Escala de observación
B1.2	EFB1.2.3	2,5%	x	x	x	Expón as súas ideas de forma correcta e respecta as opinións dos e das demais.	Lista de control

B1.3	EFB1.3.1	2,5%	x	x	x	Ten interese por mellorar a competencia motriz.	Lista de control.
B1.3	EFB1.3.2	2,85%	x	x	x	Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	Lista de control.
B1.3	EFB1.3.3	2,85%	x	x	x	Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	Lista de control.
B1.3	EFB1.3.4	2,85%	x	x	x	Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	Lista de control.
B1.3	EFB1.3.5	2,5%	x	x	x	Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	Lista de control.
B1.3	EFB1.3.6	2,5%			x	Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais.	Escala de observación.
B2.1	EFB2.1.1	2,5%	x	x	x	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	Lista de control.
B2.1	EFB2.1.2	2,5%	x	x	x	Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	Escala de observación
B3.1	EFB3.1.1	1,81%	x	x		Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico- deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio.	Escala de observación
B3.1	EFB3.1.2	1,81%	x	x		Realiza a habilidade motriz básica de salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas,	Escala de observación

						sen perder o equilibrio.	
B3.1	EFB3.1.3	1,81%	x	x		Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes.	Escala de observación
B3.1	EFB3.1.4	1,81%	x	x		Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.	Escala de observación
B3.1	EFB3.1.5	1,81%	x	x		Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	Escala de observación
B3.1	EFB3.1.6	1,81%			x	Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais con certo nivel de incertezas.	Escala de observación
B4.1	EFB4.1.1	1,81%			x	Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.	Escala de observación
B4.1	EFB4.1.2	1,81%			x	Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.	Escala de observación
B4.1	EFB4.1.3	1,81%			x	Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura	Escala de observación

						galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.	
B4.1	EFB4.1.4	1,81%			x	Leva a cabo manifestacións artísticas en interacción cos compañeiros e compañeiras.	Escala de observación
B4.2	EFB4.2.1	1,81%			x	Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nas actividades artístico-expresivas.	Escala de observación
B4.2	EFB4.2.2	1,81%			x	Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	Escala de observación
B5.1	EFB5.1.1	1,81%	x			Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.	Escala de observación
B5.1	EFB5.1.2	1,81%	x			Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	Escala de observación
B5.1	EFB5.1.3	1,81%	x			Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.	Escala de observación
B5.1	EFB5.1.4	1,81%	x			Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para saúde.	Escala de observación
B5.1	EFB5.1.5	1,81%	x	x	x	Realiza os quecementos con certa autonomía autónoma.	Escala de observación

B5.2	EFB5.2.1	1,81%	x			Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	Escala de observación
B5.2	EFB5.2.2	1,81%	x			Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física, nel mesmo ou nun compañeiro ou compañeira.	Escala de observación
B5.2	EFB5.2.3	1,81%	x			Percibe e comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ás demandas da estrutura da clase de Educación física.	Escala de observación
B5.2	EFB5.2.4	1,81%	x	x		Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade.	Lista de control
B5.3	EFB5.3.1	1,81%	x			Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios básicos.	Escala de observación
B6.1	EFB6.1.1	1,81%		x	x	Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.	Escala de observación
B6.1	EFB6.1.2	1,81%		x	x	Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	Escala de observación.
B6.2	EFB6.2.1	1,81%		x		Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.	Lista de control.
B6.2	EFB6.2.2	1,81%		x		Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	Escala de observación

B6.2	EFB6.2.3	1,81%		x		Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas destes.	Escala de observación
B6.3	EFB6.3.1	1,81%			x	Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	Escala de observación
B6.3	EFB6.3.2	1,81%		x	x	Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	Escala de observación
B6.3	EFB6.3.3	1,81%		x	x	Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	Lista de control
B6.3	EFB6.3.4	1,81%		x	x	Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	Escala de observación
B6.4	EFB6.4.1	1,81%			x	Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.	Escala de observación
B6.4	EFB6.4.2	1,81%			x	Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	Escala de observación

6. PLAN DE RECUPERACIÓN TRAS O CONFINAMIENTO.

Dende a área de Educación Física, para este curso escolar adicarase máis sesións ao bloque 4 de contidos (bloque non desenvolvido debido á situación de pandemia), para dar os propios deste curso e ir incorporando progresivamente os do 6º curso. Ademais ao inicio de curso realizarase unha avaliación inicial para facer as adaptacións oportunas na programación ou establecer os reforzos oportunos.

7. CONCRECIÓN METODOLÓXICA DA MATERIA

A organización dos contidos para esta etapa fíxose de forma globalizadora e integradora, proporcionando, de xeito continuo, procesos significativos para o alumno, con obxecto de abordar os problemas, as situacións e os acontecementos nun contexto próximo aos seus intereses.

Partindo do que xa sabe, unha motricidade básica, do seu nivel de desenvolvemento e da súa competencia iniciaremos o camiño de novas aprendizaxes, entendendo estes como a adquisición de novos coñecementos, dotarlles de significado a través da comprensión e a posibilidade de aplicalos en diferentes actividades.

Desta forma, preténdese mellorar de forma substancial os mecanismos empregados para levar a cabo as mencionadas modificacións, o que lle outorgará progresivamente aos nosos nenos e nenas certa autonomía na súa aprendizaxe, e posteriormente, chegar a aprender por si mesmos.

Para conseguilo utilizaremos metodoloxías activas, co alumno como protagonista e centro do proceso de ensino. O neno convértese en axente activo da súa propia aprendizaxe, xerador dunha fonte inesgotable de experiencias motrices. Aproveitaremos, xa que logo, a motivación natural presente no neno que emerxe da realización das actividades e os seus retos por conseguir facer as cousas ben.

A necesidade de movemento, que fai ao neno estar moi predisposto a todo tipo de actividade física, e a súa vivencia son a base das experiencias educativas organizadas nesta área. O principal medio do proceso será o xogo, «método» e «medio» de ensino sintetizador tanto de finalidades como de contidos, e que xera unha gran motivación nos nenos e nenas, produto da súa natureza lúdica.

O tratamento práctico en torno a estes eixes será global. En cada experiencia están

presentes aspectos de todos eles con relevancia dalgún en particular. Isto responde ao principio aludido anteriormente e fundamental da Educación Primaria: a integración de contidos para adaptarse así, no posible, aos esquemas de coñecementos do alumno desta idade de forma individualizada.

Xa que logo, este tratamento global non se refire soamente a un principio de interdisciplinabilidade entre as diferentes áreas. Ademais, dentro dos seus contidos, e a través das relacións que se establecen entre feitos, conceptos, principios, procedementos, actitudes e valores, posibilitase o uso das transferencias verticais e horizontais.

O proceso de ensino que propoñemos busca o desenvolvemento de habilidades e destrezas para regular a propia actividade de aprendizaxe, é dicir, unha aprendizaxe autónoma. Potenciarase no alumnado o interese por mellorar e o dominio progresivo das habilidades adquiridas, impulsaremos as relacións entre iguais, a coordinación de intereses, a toma de decisións individuais e colectivas, a organización de grupos de traballo, a distribución de responsabilidades e tarefas, a axuda mutua e a superación dos conflitos mediante o diálogo e a cooperación nas actividades de equipo.

Propoñemos unha forma de ensino mediante a cal imos conseguir que os alumnos vivencien a actividade física e consigan aprendizaxes significativas. Baseámonos nestes principios básicos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno.
- Construír aprendizaxes significativas
- Lograr unha aprendizaxe autónoma.
- Desenvolver e modificar as capacidades e os esquemas de coñecemento.
- Lograr unha actividade intensa protagonizada polos alumnos.

Débese buscar sempre o equilibrio no proceso de ensino-aprendizaxe: entre os resultados de tipo formativo e a consecución de mecanismos instrumentais, co desenvolvemento de valores, actitudes e hábitos relacionados coa saúde, a práctica de actividades físicas, a participación e a relación cos demais. A partir de aquí, establecemos as seguinte **pautas metodolóxicas**:

- Téñense en conta as calidades e capacidades individuais dos alumnos para

programar actividades de acordo coas súas capacidades. O profesor deberá contextualizar a ensinanza ás características dos seus alumnos.

- A formulación da Educación Primaria é integrada; a iso responde a Educación física cunha interrelación entre os contidos propios, intradisciplinariedade, e cos doutras áreas, interdisciplinariedade.

- A secuenciación dos contidos e a progresión nas actividades obedecerán á lóxica interna propia da área de Educación Física, en consonancia cos principios pedagóxicos básicos e en función das dificultades de asimilación e comprensión que atopen os alumnos.

- O alumnado ten unha motivación intrínseca cara á aprendizaxe; xa que logo, hai que favorecer e aumentala desde a actividade e a vivencia persoal, suscitando novos retos que manteñan a predisposición para aprender.

- Favorecerase unha práctica intensa, pero tamén unha actividade reflexiva sobre os coñecementos e actitudes que se derivan do exercicio da mesma.

- Utilizaremos o xogo como principal medio didáctico no proceso de ensino aprendizaxe. A través do a actividade lúdica pódense desenvolver todos os contidos dunha forma motivadora, integralos e garantir a participación activa e intensa dos nosos alumnos e alumnas.

- O xogo admite un gran número de modificacións e variables que permite a súa adaptación segundo o fin que se pretenda, polarizando en cada momento a actividade cara aos aspectos máis relevantes dos contidos.

- A relación do profesor co alumno é de orientación e guía, pero tamén de afectividade. É difícil levar a cabo a nosa tarefa formativa se antes non establecemos o clima adecuado de clase, baseado no respecto mutuo, a comunicación e o cumprimento das normas de convivencia.

- O profesor debe reducir ao mínimo os conflitos e afrontalos de xeito construtivo cando estes xurdan, que impliquen novas aprendizaxes para os alumnos.

- Para iso, a información que o profesor facilite aos alumnos antes, durante e logo das tarefas son importantes. Deben ser indicacións que faciliten o labor do alumno, que

reforcen os comportamentos positivos e corrixan os non apropiados, tanto relacionados co obxecto das tarefas como coas formas e actitudes coas cales as afronta.

- Atopar este “clima ideal” antes aludido tamén depende doutros aspectos. Debemos aproveitar ao máximo as posibilidades espaciais e de uso do material para facer máis rica e variada a actividade.

- Igualmente será importante valorar continuamente o posible risco físico dalgunhas actividades que reduzan posibles accidentes e introducir factores de corrección que os limiten.

- É importante que valoremos e potenciemos o pensamento creativo, fuxindo das respostas estereotipadas. As propostas de actividades que realizamos favorecen estilos de ensinanza baseados no descubrimento e na resolución de situacións motrices abertas, con múltiples e variadas respostas, que favorecen un pensamento diverxente.

- Ademais da atracción e curiosidade que xeran sobre o neno as nosas propostas, motivaremos aos nosos alumnos pola excelencia, é dicir, polos logros persoais, por mellorar o seu rendemento motriz en relación consigo mesmo.

- Tamén aproveitaremos outras posibilidades como a que brinda o elemento competitivo presente no xogo e nos deportes adaptados, como medio educativo e non como o seu fin primordial.

Este curso escolar 2021-2022, en caso dun posible confinamento, as clases de Educación física realizaranse a través da plataforma edixgal que hai en funcionamento para o 6º curso de educación primaria. As actividades que se van propoñer serán vídeos onde teñen unha pequena sesión que poderán levar a cabo na casa, subirei xogos interactivos ou pequenos traballos que teñen que realizar sobre os contidos tratados dende este área.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

MATERIAIS

- Colchóns
- Picas
- Balóns de balonmán
- Conos
- Bolos
- Sticks de jockey
- Pneumáticos
- Balóns de baloncesto
- Testemuños
- Petancas
- Balóns de fútbol sala
- Volantes de bádminton
- Papel continuo e lapis
- Zancos
- Balóns de voleibol
- Porterías
- Raquetas de pádel
- Pelotas saltarinas
- Material alternativo
- Balóns de rugby
- Teas
- Rodas móbiles
- Balóns medicinais
- Diábolo
- Material para malabarismo
- Indíacas
- Pelotas de tenis
- Raquetas de bádminton
- Pelotas xigantes
- Aros
- Paracaídas
- Pelotas de plástico
- Cordas
- Pelotas brandas
- Aros
- Bancos suecos

RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaremos as novas tecnoloxías para o apoio nas clases e a busca guiada de información.

9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os aspectos normativos que fan referencia á avaliación en Galicia, quedan reflectidos na Orde 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Dita orde no seu artigo 2 establece que a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o progreso no conxunto das áreas e a adquisición das competencias crave.

Utilizaranse os tipos de avaliación que o actual sistema educativo recomenda:

Avaliación inicial: ao inicio do proceso é necesario saber as posibilidades de cada alumno para adaptar os programas ás necesidades individuais e dos grupos. Esta avaliación prolóngase durante as primeiras sesións co fin de non adoptar falsas expectativas e estereotipos.

Avaliación continua: permite detectar os acertos e erros e en consecuencia, orientar, manter e ou modificar plans. Realízase por medio dos datos recollidos a través dos diferentes instrumentos de avaliación. Estes datos proceden da observación sistemática por parte do profesor durante o desenvolvemento das sesións, tanto a nivel afectivo-actitudinal como motora. As probas periódicas confeccionadas polo profesor ao final de cada unidade didáctica a nivel motora, cognitivo e de detección de erros. Autoavaliación, como factor básico de motivación, de cooperación profesor-alumno e coñecemento inmediato do seu propio proceso educativo.

Avaliación final e sumativa: para comprobar se se conseguiu o desenvolvemento de capacidades e as finalidades previstas, constatando como incidiu a intervención pedagóxica e como se realizou todo o proceso determinando aquilo que se podería mellorar no futuro.

Os referentes para valorar o grao de adquisición das competencias crave e o logro dos obxectivos da etapa serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

Os criterios de avaliación para o 6º curso son os seguintes:

B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante

como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.

B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo

B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz

B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.

B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.

B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.

B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.

B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.

B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.

B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas

B6.4. Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

Para avaliar o proceso de aprendizaxe terase en conta o cumprimento dos obxectivos, competencias clave e os contidos do currículo escolar debidamente contextualizado, para iso utilizaremos os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis.

Criterios de cualificación.. Os criterios de cualificación veñen definidos pola asociación de estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e indicadores de

logro. Deste xeito os estándares de aprendizaxe serán avaliados en relación ás seguintes porcentaxes:

Os estándares de aprendizaxe relacionados con aspectos actitudinales serán valorados cun 20% total da materia. Os que valoran a participación terán un peso do 20% sobre o total. Por último os contidos relacionados directamente coa materia teñen un peso do 60 % total da materia.

Polo tanto, a valoración de cada estándar terá a puntuación resultante de dividir 60, 20 e 20 entre o número de estándares de iguais condicións. Por exemplo, de haber 10 estándares de tipo actitudinal, cada un terá unha valoración máxima do 2% (resultado de dividir 20 entre 10).

Finalmente obteremos a puntuación da área sumando os valores de todos os estándares. Os resultados obtidos polo alumnado ao finalizar cada trimestre fixaranse cun IN (0-4), SF (5), BN (6), NT (7-8) e SB (9-10). Tamén se achegarán os resultados obtidos en cada competencia crave que serán avaliados nos termos de Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable e Sobresaliente.

Criterios de promoción. O alumno/a deberá alcanzar como mínimo o 50% de cada un dos estándares da materia. Ademais deberá sumar en total un mínimo do 50% da porcentaxe da mesma.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
Observación sistemática	Escalas de observación Permite establecer estimacións - Categorías: identifica a frecuencia (exemplo: sempre, ás veces, nunca) ou caracterización (exemplo: Iniciado, En proceso, Consolidado) da conduta para observar. - Numérica : Determina o logro e a intensidade do feito avaliado. Pódese utilizar a

<p>Probas específicas</p>	<p>gradación de 1 a 4, de 1 a 5, de 1 a 6, ou a máis tradicional de 1 a 10</p> <p>- Descritiva: Incorpora frases descritivas. Exemplo: Traballa e trae o material pero non toma iniciativas?, ou ben ¿Suxire ideas e traballa adecuadamente?...</p> <p>Listas de control</p> <p>Rexistra a ausencia ou presenza dun determinado trazo, condutas ou secuencia de accións. Caracterízase por aceptar soamente dúas características: si ou non, lógrao ou non o logra, presente ou ausente, etc.</p> <p>Rexistro anecdótico</p> <p>Fichas na que se recollen comportamentos non previsibles de antemán e que poden achegar información significativa para valorar carencias ou actitudes positivas.</p> <p>Obxectivas</p> <p>Exposicións dun tema</p> <p>Resolución de exercicios e problemas motrices.</p> <p>Probas de capacidade motriz</p>
<p>Rúbricas</p>	<p>Os elementos básicos dunha rúbrica serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Aspectos a avaliar: compoñentes que inclúe o estándar de aprendizaxe avaliable. · Escala de cualificación: categorías que definen a calidade do traballo do estudante. · Criterios: breve explicación da evidencia que permite xulgar o traballo particular dun estudante ao longo das distintas dimensións ou criterios e asignalo a un nivel de desempeño concreto.

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Para medir a adecuación do proceso de ensino e a práctica docente utilizaremos os seguintes indicadores e, así analizar os aspectos a mellorar:

1. Planificación do traballo docente

Como mestra	Si	Non
Realizo unha planificación das miñas clases.		
Consulto a normativa vixente para ter presentes os programas de cada área		
Consulto materiais para actualizar os contidos e novos enfoques de ensinanza.		
Realizo os axustes necesarios do currículo para atender á diversidade do alumnado.		
No plan de clase:	Si	Non
Establezo o que ensinar, os exercicios, actividades e tarefas a realizar e as formas de participación.		
A orde e os momentos nos que se levarán a cabo cada unha das “actividades”		
Os recursos a empregar.		
Estratexias e momentos de avaliación das aprendizaxes (rexistros, probas, observacións, etc)		

2. Aproveitamento do tempo e os recursos materiais para o desenvolvemento das clases:

Ao desenvolver as miñas clases utilizo:	Si	Non
O tempo nas actividades segundo o estimado ou planeado.		
A meirande parte do tempo nunha ensinanza activa e participativa.		
Exercicios e actividades variadas que reforcen ou amplíen os distintos ritmos de aprendizaxe.		
Material informativo visual para favorecer a adquisición de coñecementos.		
As TICs para reforzar e ampliar coñecementos.		
Xogos didácticos para motivar e reforzar as aprendizaxes dentro da aula.		

3. Estratexias e actividades para promover aprendizaxes significativos:

Ao desenvolver as miñas clases:	Si	Non
Dou instrucións completas para que os alumnos realicen o traballo (materiais, recursos, forma de organizarse e tempo do que dispoñen)		
Verifico que os alumnos comprendan o que teñen que facer.		
Promovo traballos cooperativos.		
Promovo o traballo colaborativo entre o alumnado para que interactúen e se axuden entre si.		
Apoio individualmente, na medida do posible, ós alumnos con dificultades á hora de realizar as actividades pola súa conta.		
Promovo que os meus alumnos realicen actividades nas que desenvolvan a creatividade e a orixinalidade.		
Promovo cos meus alumnos participen por iniciativa propia.		
Promovo que os meus alumnos expresen as súas ideas e opinión comparándoas e respectando ás dos demais.		

4. Estratexias e acción para avaliar ao alumnado:

Para avaliar ós meus alumnos/as:	Si	Non
Emprego instrumentos variados de avaliación.		
Emprego instrumentos variados de avaliación oral (entrevistas, escalas de observación directa e indirecta...)		
Elaboro rexistros que me axuden a identificar os avances e progresos.		
Promovo actividades de autoavaliación		
Para asignar as cualificacións dos meus alumnos segundo as porcentaxes establecidas:		
Teño en conta os resultados das probas		
Considero os rexistros dos exercicios		
Considero os rexistros da participación oral.		
Mido o grao de consecución das actividades.		

5. Uso dos resultados da avaliación:

Utilizo os resultados da avaliación para:	S i	Non
Propoñer actividades de retroalimentación.		
Identificar necesidades de apoio do alumnado.		
Axustar o meu traballo docente na planificación das clases segundo os resultados obtidos en cada unidade.		
Informar ó alumnado dos avances e progresos.		

6. Clima da aula:

Como mestra:	S i	Non
Trato a todos os meus alumnos/as equitativamente segundo as súas características sen ter favoritismos.		
Animo e motivo ó alumnado para que traballen e participen en todas as actividades.		
Promovo que se resolvan a tempo as situacións conflitivas que se presentan.		
Manteño a calma ante situacións conflitivas.		
Promovo que na clase exista un ambiente de compañeirismo e respecto entre o alumnado.		
Preocúpome por coñecer os intereses gustos e necesidades do meu alumnado.		

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 3, fai referencia a atención a diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

O Programa de E. Física deberá adaptarse ademais ás condicións dos alumnos con Necesidades Educativas Especiais. En función da minusvalía destes alumnos, os contidos desta área deberán modificarse, así como a súa avaliación, coordinando o traballo co Departamento de Orientación, o Equipo de Orientación Específico (no seu caso) e coa mestra de Pedagogía Terapéutica do centro. En calquera caso deberá reflectirse no currículo e realizar un seguimento do alumnado para asegurar a súa progresión.

O programa sufrirá as modificacións precisas que garantan, na medida dos posible, a continuidade na aprendizaxe paralela ao resto do grupo, cremos que o alumno pode realizar, con adaptacións como veremos, máis ou menos importantes, as actividades propostas no plano procedimental, cognitivo e actitudinal, (salvo os alumnos con deficiencias psíquicas ou motrices importantes aos que se lles procurará unha atención máis especializada). En definitiva o noso deseño deberá atenderlos en función da súa minusvalía e modificando as seguintes cuestións:

A) Adaptacións no medio de aprendizaxe

- Variar e multiplicar o material: balóns de diferentes tamaños e texturas, con cores vivas, etc. que en definitiva faciliten a percepción e aumenten as experiencias sensoriais.
- Reducir a altura da rede para os xogos: facilítase e simplifica o xesto
- Reducir distancias en desprazamentos ou lanzamentos.
- Eliminar fontes de distracción.

B) Adaptacións/modificacións na metodoloxía

- Utilizar apoios verbais.
- Palabras xustas en número, axeitadas e destacando as importantes.
- Explicacións concretas e breves.
- Explicacións colocadas segundo a sucesión natural no tempo.
- A maior complexidade da tarefa menor cantidade de explicación previa.
- Palabras de ánimo que reforcen o éxito.
- Recorrer aos apoios visuais.

- Demostración do movemento para a súa imitación: modelos.
- Demostración do movemento adaptado para a súa imitación: modelos. Prestar apoios físicos.
- Situar ao neno/a na posición ideal de partida para realizar o movemento.
- Opoñerlle forza de resistencia para facelo interiorizar o movemento.
- Conducilo da man polo espazo.
- Progresión adaptada nos xogos con balón:
- Rodar-botar-lanzar.
- A altura nos pases (máis doado baixos que altos. Ex: altura do ventre, logo altura da cabeza).
- Estruturación axeitada das fases de aprendizaxe.
- Andar ou rodar en lugar de correr.
- Descompoñer en fases, exemplo: coller balón, parar, executar lanzamento, etc.
- Relación entre explicación e execución. Conceder tempo de asimilación e comprensión.
- Modificación do número de decisións: Serán máis reducidas as súas posibilidades.

C) Adaptacións/modificacións na tarefa

- En relación coas regras: Exemplos:
- Que o balón poida rodar en lugar de ser lanzado, botar máis veces antes de ser recollido ou devolto, etc.
- Que se poida coller cunha ou as dúas mans, en lugar de ser devolto con golpeo.
- Redución do número de puntos ou de tantos para gañar.
- Reducir o tempo de xogo.
- Prohibir devolver o balón ao que pasou, para fomentar o número de participantes no xogo.
- Aumentar ou diminuír o número de xogadores en función do espazo.
- Permitir axudas externas: permitir máis tempo de retención.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Atendendo á orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de infantil, os colexios de educación primaria e os colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as actividades complementarias, son aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Deberán figurar na Programación Xeral Anual do centro.

A participación do alumnado nelas é voluntaria e necesitamos a autorización dos pais ou titores legais por escrito sempre que se desenvolven fóra da localidade. No caso de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender aos alumnos que non participan nelas.

Partindo da idea de que o noso centro e máis especificamente a nosa área. debe perseguir a mellora da calidade do ensino, principalmente e entre outros aspectos, o centro educativo debe ter a capacidade de prolongar a súa intervención educativa máis aló do horario estritamente lectivo, poñendo ó servizo do conxunto da comunidade escolar tódolos seus recursos, humanos e materiais. Ó respecto, suscitamos a continuidade da nosa labor docente a través de diversas actividades complementarias, que nós enfocamos principalmente desde a visión do DEPORTE MUNICIPAL enfocado cara as Deputacións Provinciais coas súas diferentes Escolas Deportivas así como cos diferentes clubs deportivos, que ofrecen ó alumnado unha serie de actividades que complementan a formación que reciben na nosa área, á vez que ocupan o seu tempo libre dunha forma construtiva, permitíndolle mellorar a súa forma física e calidade de vida. Ademais, o alumno edúcase nunha escala de valores onde teñen cabida a autosuperación, o espírito de sacrificio, a relación cos demais, etc., sempre desde criterios pedagóxicos e evitando as deformacións do mundo competitivo adulto.

13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didácticas. Para iso, ao rematar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual xeito, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

INDICADORES	ESCALA DE VALORACIÓN <input type="checkbox"/>				
	5	4	3	2	1
PROGRAMACIÓN					
As actividades seleccionadas son adecuados ás características do alumnado					
Os obxectivos didácticos programados en cada clase son alcanzables ou se axustan ás necesidades e intereses do alumnado.					
Os contidos se adecúan aos obxectivos didácticos seleccionados.					
O grao de complexidade dos contidos axústanse ás características psicoevolutivas.					
Os contidos secuenciados e temporalizados seguen unha organización de complexidade crecente.					
Os contidos cumpren o principio de globalidade e son integrais.					
As unidades formativas cumpren o principio de especificidade.					
As unidades didácticas réxense por unha temporalización lóxica.					

MEDIA					
METODOLOXÍA					
A metodoloxía empregada axústase ás necesidades e intereses do alumnado.					
É válida nosa metodoloxía para alcanzar os nosos obxectivos e contidos.					
A información inicial é suficiente. É clara e precisa.					
O coñecemento de resultados é explicativo e resolve os problemas de maneira efectiva.					
As estratexias son adecuadas para que o alumno asimile o que vai realizar.					
A motivación é adecuada para a execución das tarefas.					
Os reforzos que se dan son positivos máis que negativos.					
MEDIA					
ORGANIZACIÓN					
A posición da mestra é adecuada tanto na información inicial como no coñecemento de resultados.					
A organización de grupos facilita o desenvolvemento do proceso de Ensino - Aprendizaxe.					
A organización adáptase ás necesidades específicas dos recursos.					
As tarefas axústase ao desenvolvemento dos nosos contidos.					
Aproveitamento do tempo real de clase en tempo efectivo ou activo sobre o desactivo.					
O clima socioafectivo é adecuado entre mestre, alumno e grupo.					
A organización permite a individualización.					
MEDIA TOTAL					

ESCALA DE VALORACIÓN: 5 4 3 2 1 (5= excelente. 4= adecuado. 3= posiblemente. 2= en ocasións. 1= poucas veces.).